



DATOS IDENTIFICATIVOS

Prácticas clínicas V

| | | | | |
|-----------------------|---|--------|-------|--------------|
| Materia | Prácticas clínicas V | | | |
| Código | P51G140V01406 | | | |
| Titulación | Grao en Enfermería | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 18 | OB | 4 | 2c |
| Lingua de impartición | Galego | | | |
| Departamento | Departamento da E.U. de Enfermería (Pontevedra) | | | |
| Coordinador/a | González López, Claudia | | | |
| Profesorado | Buceta Hazas, José Luís Diéguez Montes, María Paz Fernández Méndez, Felipe Fernández Méndez, María José González López, Claudia Otero Agra, Martín Rodríguez García, María Dolores Santos Folgar, Myriam | | | |
| Correo-e | claudia.eu.enfermeria@gmail.com | | | |
| Web | http://www.enfermeria.depo.es | | | |
| Descrición xeral | Esta materia facilita a integración da metodoloxía enfermera na práctica preprofesional, como método que permita identificar os fenómenos enfermeros, establecer xuízos clínicos, planificar, aplicar e avaliar coidados. A planificación de ditos coidados teñen como base a valoración integral da persoa, os diagnósticos de enfermaría e as intervencións necesarias para tratar ditos diagnósticos ou para abordar procedementos, tratamentos ou técnicas básicas de coidados. | | | |

Resultados de Formación e Aprendizaxe

| | |
|--------|--|
| Código | |
| A1 | Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| A2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| A3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| A4 | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado. |
| A5 | Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| B1 | Ser capaz, no ámbito da enfermaría, de prestar unha atención sanitaria técnica e profesional axeitada ás necesidades de saúde das persoas que atenden, de acordo co estado de desenvolvemento dos coñecementos científicos de cada momento e cos niveis de calidade e seguridade que se establecen nas normas legais e deontolóxicas aplicables. |
| B2 | Saber planificar e prestar coidados de enfermaría dirixidos ás persoas, familias ou grupos, orientados, aos resultados en saúde, avaliando o seu impacto, a través de guías de práctica clínica e asistencial, que describen os procesos polos cales se diagnostica, trata ou cuida un problema de saúde. |
| B3 | Saber aplicar os fundamentos e principios técnicos e metodolóxicos da enfermaría |
| B4 | Ser capaz de comprender o comportamento interactivo da persoa en función do xénero, grupo ou comunidade, dentro do seu contexto social e multicultural |
| B5 | Deseñar sistemas de coidados dirixidos ás persoas, familia ou grupos, avaliando o seu impacto e establecendo as modificacións oportunas |
| B6 | Aplicar as intervencións da enfermaría na evidencia científica e nos medios dispoñibles |

| | |
|-----|---|
| B7 | Saber comprender, sen prexuízos, as persoas, considerando os seus aspectos físicos, psicolóxicos e sociais, como individuos autónomos e independentes, asegurando o respecto ás súas opinións, crenzas e valores, ademais de garantir o dereito á intimidade, a través da confidencialidade e o segredo profesional |
| B8 | Promover e respectar o dereito de participación, información, autonomía e consentimento informado na toma de decisións das persoas atendidas, acorde coa forma en que viven o seu proceso de saúde-enfermidade |
| B9 | Fomentar estilos de vida saudables e o autocoidado, apoiando o mantemento de condutas preventivas e terapéuticas |
| B10 | Protexer a saúde e o benestar das persoas, familias ou grupos atendidos, garantindo a súa seguridade |
| B11 | Saber establecer unha comunicación eficaz con pacientes, familias, grupos sociais e compañeiros. Fomentar a formación e información para a saúde |
| B12 | Aplicar o código ético e deontolóxico da enfermaría española, comprendendo as implicacións éticas da saúde nun contexto mundial en transformación |
| B13 | Aplicar os principios de financiamento sanitario e sociosanitario e utilizar axeitadamente os recursos dispoñibles |
| B14 | Establecer mecanismos de avaliación, considerando os aspectos científico-técnicos e de calidade |
| B15 | Ser capaz de traballar co equipo de profesionais como unidade básica na que se estruturan de forma uni ou multidisciplinar e interdisciplinar os profesionais e demais persoal das organizacións asistenciais |
| B16 | Ser capaz de utilizar os sistemas de información sanitaria |
| B17 | Realizar coidados de enfermaría baseándose na atención integral de saúde, que supón a cooperación multiprofesional, a integración dos procesos e a continuidade asistencial |
| B18 | Aplicar estratexias para adoptar medidas de confortabilidade e atención de síntomas, dirixidas ao paciente e familia, na aplicación de coidados paliativos que contribúan a aliviar a situación de pacientes en situacións de enfermidade avanzada e/ou remata |
| C4 | Utilización dos medicamentos, avaliando os beneficios esperados e os riscos asociados e/ou efectos derivados da súa administración e consumo. |
| C8 | Aplicar as tecnoloxías e sistemas de información e comunicación dos coidados de saúde. |
| C10 | Identificar as respostas psicosociais das persoas ante as diferentes situacións de saúde (en particular, a enfermidade e o sufrimento), seleccionando as accións adecuadas para proporcionar axuda nas mesmas. |
| C11 | Establecer unha relación empática e respectuosa co paciente e familia, acorde coa situación da persoa, problema de saúde e etapa de desenvolvemento. |
| C12 | Utilizar estratexias e habilidades que permitan unha comunicación efectiva con pacientes, familias e grupos sociais, así como a expresión das súas preocupacións e intereses. |
| C13 | Recoñecer as situacións de risco vital e saber executar manobras de soporte vital básico e avanzado. |
| C15 | Identificar, integrar e relacionar o concepto de saúde e os coidados, desde unha perspectiva histórica, para comprender a evolución do coidado de enfermaría. |
| C17 | Aplicar o proceso de enfermaría para proporcionar e garantir o benestar a calidade e seguridade das persoas atendidas. |
| C18 | Coñecer e aplicar os principios que sustentan os coidados integrais de enfermaría. |
| C19 | Dirixir, avaliar e prestar os coidados integrais de enfermaría, ao individuo, a familia e a comunidade. |
| C22 | Promover a participación das persoas, familia e grupos no seu proceso de saúde-enfermidade. |
| C23 | Identificar os factores relacionados coa saúde e os problemas do entorno, para atender as persoas en situacións de saúde e enfermidade como integrantes dunha comunidade. |
| C24 | Identificar e analizar a influencia de factores internos e externos no nivel de saúde de individuos e grupos. |
| C25 | Aplicar os métodos e procedementos necesarios no seu ámbito para identificar os problemas de saúde máis relevantes nunha comunidade. |
| C26 | Analizar os datos estatísticos referidos a estudos da poboación, identificando as posibles causas de problemas de saúde. |
| C29 | Identificar as necesidades de coidado derivadas dos problemas de saúde. |
| C31 | Realizar as técnicas e procedementos de coidados de enfermaría, establecendo unha relación terapéutica cos enfermos e familiares. |
| C33 | Ter unha actitude cooperativa cos diferentes membros do equipo. |
| C35 | Aplicar coidados xerais durante o proceso de maternidade para facilitar a adaptación das mulleres e os neonatos ás novas demandas e previr complicacións. |
| C36 | Coñecer os aspectos específicos dos coidados do neonato. Identificar as características das diferentes etapas da infancia e adolescencia e os factores que condicionan o patrón normal de crecemento e desenvolvemento. |
| C37 | Coñecer os problemas de saúde máis frecuentes na infancia e identificar as súas manifestacións. Analizar os datos de valoración do neno, identificando os problemas de enfermaría e as complicacións que poden presentarse. |
| C42 | Identificar as modificacións estruturais, funcionais, psicolóxicas e de formas de vida asociadas ao proceso de envellecemento. |
| C44 | Seleccionar as intervencións coidadoras dirixidas a tratar ou a previr os problemas de saúde e a súa adaptación á vida diaria mediante recursos de proximidade e apoio á persoa anciá. |
| C49 | Prestar coidados, garantindo o dereito á dignidade, privacidade, intimidade, confidencialidade e capacidade de decisión do paciente e familia. |
| C50 | Individualizar o coidado considerando a idade, o xénero, as diferenzas culturais, o grupo étnico, as crenzas e valores. |
| D1 | Capacidade de análise e síntese |
| D2 | Capacidade de organización y planificación |
| D3 | Capacidade de xestión da información |
| D4 | Resolución de problemas e toma de decisións |

| | |
|-----|---|
| D5 | Traballo en equipo, multidisciplinar e multilingüe |
| D6 | Habilidades nas relacións interpersoais |
| D7 | Razoamento crítico |
| D8 | Aprendizaxe autónomo |
| D9 | Adaptación a novas situacións. Iniciativa e espírito emprendedor. Creatividade. |
| D10 | Motivación pola calidade |
| D11 | Sensibilidade cara a temas ambientais |

Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---------------------------------------|-----|-----|-----|
| Ser capaz de participar nos cuidados que teñan como finalidade garantir o maior grao de independencia das persoas nas súas necesidades máis básicas, fomentando unha óptima relación interpersoal que garanta a dignidade e confidencialidade. Ser capaz de proporcionar cuidados ao paciente aplicando o Proceso de Enfermaría, establecendo unha actitude empática co paciente e familia aos que garantizará o dereito á confidencialidade, dignidade e privacidade | A1 | B1 | C4 | D1 |
| | A2 | B2 | C8 | D2 |
| | A3 | B3 | C10 | D3 |
| | A4 | B4 | C11 | D4 |
| | A5 | B5 | C12 | D5 |
| | | B6 | C13 | D6 |
| | | B7 | C15 | D7 |
| | | B8 | C17 | D8 |
| | | B9 | C18 | D9 |
| | | B10 | C19 | D10 |
| | | B11 | C22 | D11 |
| | | B12 | C23 | |
| | | B13 | C24 | |
| | | B14 | C25 | |
| | | B15 | C26 | |
| | | B16 | C29 | |
| | | B17 | C31 | |
| | | B18 | C33 | |
| | | C35 | | |
| | | C36 | | |
| | | C37 | | |
| | | C42 | | |
| | | C44 | | |
| | | C49 | | |
| | | C50 | | |

Contidos

| Tema |
|--|
| Rotatorio de prácticas preprofesionais que permitan a aplicación dos coñecementos teóricos e metodolóxicos da Enfermaría á práctica clínica, relacionadas coas especialidades de materno-infantil e saúde mental. Prácticas clínicas a realizar en atención primaria: PAC, e en atención especializada: servizos centrais, unidades de hospitalización xeral e en centros de atención primaria, centros asistenciais, sociosanitarios e hospitalais. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|--|---------------|--------------------|--------------|
| Prácticum, Practicas externas e clínicas | 0 | 425 | 425 |
| Seminario | 12 | 0 | 12 |
| Observación sistemática | 0 | 3 | 3 |
| Simulación ou Role Playing | 2 | 2 | 4 |
| Cartafol/dossier | 0 | 2 | 2 |
| Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas | 0 | 4 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| Descrición |
|------------|
| |

Prácticum, Practicas externas e clínicas

Formación en centros sanitarios, e nas unidades asistenciais médico-cirúrxicas, en forma de rotatorio clínico independente, baixo a tutela do persoal de enfermería da unidade onde o alumnado realice as prácticas clínicas, que permiten a o/a alumno/a incorporar os valores profesionais, competencias de comunicación, razoamento crítico, xestión clínica e xuízo clínico, integrando na práctica profesional os coñecementos, habilidades e actitudes, baseados en principios e valores, asociados as competencias descritas que conforman o título. Como o título de Graduado/a en enfermería pola Uvigo é presencial e habilita para o exercicio dunha profesión regulada, no relativo ás prácticas clínicas, considérase imprescindible a formación presencial nos centros sanitarios de referencia. A realización de prácticas clínicas presenciais é un condicionante para que poidan ser avaliadas. As prácticas clínicas son de obrigado cumprimento na súa totalidade.

Existe a disposición do estudiantado unha guía de prácticas clínicas aprobada pola Xunta de Centro cuxo contido é de obrigada lectura e cumprimento polo estudiantado e que pode consultar na plataforma de teledocencia Faitic e na páxina web.

Seminario

Actividade académica dos profesores que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do estudiantado a través de entrevistas que o/a alumno/a, de maneira individual ou grupal, mantén co profesorado para asesoramento, apoio e incidentes que poidan producirse das actividades da materia prácticas clínicas V e do proceso de aprendizaxe. Esta actividade levará a cabo:

1. Realización de 3 titorías grupales sobre o desenvolvemento adecuado das prácticas clínicas, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe de face ás probas de avaliación. Explicaráselles o funcionamento do portafolio como rexistro da actividade e ferramenta de autoevaluación do alumnado, e a súa utilización nas titorías para o seguimento da actividade levada a cabo na institución sanitaria e como base, xa que nel constan os requisitos necesarios, para a elaboración e redacción da memoria que ten que presentar o/a estudante. Así mesmo se lles comunicará e explicará o sistema que levará a cabo para a avaliación das probas de simulación enfermeira, baseadas en casos prácticos desenvolvidos baixo as taxonomías NANDA-NOC-NIC.
2. Tutoría individual ou en pequenos grupos: de forma presencial no horario establecido ao finalizar as titorías grupales ou a petición expresa do/a alumno/a, ou non presencial a través dun correo electrónico exclusivo e a disposición permanente do alumnado durante as prácticas clínicas: practicasenfermeria@gmail.com

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------------|--|
| Seminario | Atención personalizada coa finalidade de atender as necesidades e consultas do/a alumno/a, de forma individual ou en pequeno grupo, relacionadas co desenvolvemento das prácticas clínicas, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Pode realizarse de forma presencial, ou non presencial, a través do correo electrónico. |
| Probas | Descrición |
| Observación sistemática | Atención personalizada coa finalidade de atender as necesidades e consultas do/a alumno/a, de forma individual ou en pequeno grupo, relacionadas co desenvolvemento das prácticas clínicas, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Pode realizarse de forma presencial, ou non presencial, a través do correo electrónico. |
| Cartafol/dossier | Atención personalizada coa finalidade de atender as necesidades e consultas do/a alumno/a, de forma individual ou en pequeno grupo, relacionadas co desenvolvemento das prácticas clínicas, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Pode realizarse de forma presencial, ou non presencial, a través do correo electrónico. |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|-----------|--|---------------|---------------------------------------|
| Seminario | As tutorías grupales programadas nos días: 31 de xaneiro do 2025 ás 12.00h. 24 de febreiro do 2025 as 16.30h. 6 y 7 de marzo do 2025 ás 10h. (OPCIONALES). 24 de marzo do 2025 as 16.30h | 6 | A1 D2 D8 D9 |
| | Titorías que, entre outros temas, préstase o soporte necesario para que o alumnado, a partir do cartafol, poida cumprir adecuadamente cos requisitos da avaliación da memoria que ten que presentar ao finalizar o período de prácticas. Por cada ausencia cóntaselle un día de prácticas a recuperar e descóntaselle 0,2 puntos na avaliación da memoria. | | |

| | | | |
|--|--|----|---|
| Observación sistemática | Como parte da avaliación da actividade levada a cabo polo alumno/a na institución sanitaria, a observación sistemática realízase para a avaliación continuada coa observación directa, que se desenvolve mediante un seguimento personalizado do estudante a través do/a supervisor/a, dos/os enfermeiros/os asistenciais colaboradores de prácticas clínicas onde realiza as súas actividades formativas, e dos profesores da materia. Para a emisión do informe, utilízase a ficha para a observación sistemática remitida pola escola, onde se recollen os resultados esperados na avaliación das competencias: coñecementos, habilidades, actitudes e aptitudes a través do grao na consecución dos resultados de aprendizaxe do estudante. Para iso, os/as evaluadores/as, no centro, existe un documento de apoio accesible desde a páxina web, acceso: http://www.enfermeria.depo.es/practicas-clinicas coa información necesaria para dotalos dunha ferramenta idónea que facilite a aplicación dos criterios de avaliación de maneira obxectiva, en función das intervencións NIC e do modelo das 14 necesidades básicas de V. Henderson, de maneira que poidan consultar e aplicar na avaliación uno ou outro modelo indistintamente. Ten que ser superada co 50% do seu valor. | 45 | A1B1 C4 D1 A2B2 C8 D2 A3B3 C10D3 A4B4 C11D4 A5B5 C12D5 B6 C13D6 B7 C15D7 B8 C17D8 B9 C18D9 B10C19D10 B11C22D11 B12C23 B13C24 B14C25 B15C26 B16C29 B17C31 B18C33 C35 C36 C37 C42 C44 C49 C50 |
| Simulación ou Role Playing | Avaliación da actividade levada a cabo polo alumno/a na institución sanitaria: nas probas de simulación enfermeira baseadas na aplicación de coidados baixo a taxonomía NANDA, NOC, NIC, o/a estudante nas datas establecidas: 1ª oportunidade: 5 e 8 de maio do 2025 ás 16.30h 2ª oportunidade: 4 e 8 de xullo do 2025 ás 10.00 e ás 16.30h, realizará unha proba práctica obrigatoria como requisito indispensable para a superación da materia. De non aprobar esta proba co 50% do seu valor, non se poderán sumar as outras probas avaliábeis. Proba que se realizará na aula de simulación para avaliar o grao na adquisición das competencias que o estudante necesariamente debe adquirir. Como condición previa necesaria para superar a proba establece que o alumnado presentará no prazo establecido o traballo indicado polo equipo docente relacionado coa taxonomía NANDA, NOC, NIC. | 25 | A1B1 C4 D1 A2B2 C8 D2 A3B3 C10D3 A4B4 C11D4 A5B5 C12D5 B6 C13D6 B7 C15D7 B8 C17D8 B9 C18D9 B10C19D10 B11C22D11 B12C23 B13C24 B14C25 B15C26 B16C29 B17C31 B18C33 C35 C36 C37 C42 C44 C49 C50 |
| Cartafol/dossier | Documento de autoevaluación no que a/o estudante rexistra, seguindo as normas reflectidas no documento, a relación co usuario, a integración no equipo de traballo, anotando as intervencións e procedementos realizados, valora os seus logros e determina os factores que poden influír na súa actuación. Avaliarase a coherencia. A súa elaboración é obrigatoria como parte da avaliación da memoria. Data de entrega: até o día 2 de maio do 2025 ás 14.00h. Non se recollerá ningún cartafol despois da data de fin de entrega. | 4 | D1 D3 D4 D5 D6 D7 D8 |
| Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas | Elaboración, obrigatoria, por parte do alumno, dun documento no que se reflicten os resultados obtidos, observacións, análises e reflexións sobre a súa experiencia práctica na unidade asistencia que xunto coa calidade do documento presentado e a cumplimentación das normas de estrutura e estilo recollidas no seu cartafol, constitúen os criterios de avaliación. Data de entrega: até o día 2 de maio do 2025 ás 14.00h. Non se recollerá ningunha memoria superada dita data. | 20 | A3 D1 D2 D3 D7 D8 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

A guía de prácticas clínicas recolle os procedementos, normas e instrucións que lle afectan directamente a esta materia, polo que é obrigatorio o seu coñecemento. O alumnado non poderá iniciar as súas prácticas sen a entrega previa do certificado de delitos sexuais negativo. Todo o alumnado, antes do inicio das prácticas clínicas, debe asinar o documento de confidencialidade incluído no protocolo; Pautas básicas para asegurar e protexer o dereito a intimidade do paciente polo alumnado e residentes en Ciencias da Saúde. Si o/a estudante non presenta a memoria e o cartafol nas datas establecidas na primeira oportunidade, suspenderá as prácticas, e deberá esperar até a apertura do período de avaliación da segunda oportunidade para presentalo, para que o/a alumna/póidao ser avaliado/a.

<https://enfermeria.depo.gal/practicas-clinicas1;jsessionid=FD33BB0B1D23F9BCB4ED235C18486D8C.tomcatNodo3>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

T. Heather Herdman, PhD, RN, **Diagnósticos enfermeros NANDA Internacional. Definiciones y Clasificación 2018-2020**, 11 Edición Elsevier,

Moorhead, Sue; Johnson, Marion, L. Mas., **Clasificación de Resultados de Enfermería (NOC)**, 6ª Edición Elsevier,

Gloria M. Bulechek et.al.editores, **Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC)**, 7ª Edición Elsevier,

Bibliografía Complementaria

Bibiosaude recursos de informacion, http://www.sergas.es/MostrarContidos_N2_T01.aspx?IdPaxina=66671,

Bibiosaude recursos destacados, http://www.sergas.es/MostrarContidos_N2_T01.aspx?IdPaxina=60667,

Mª Teresa Luis Rodrigo, **Los diagnósticos enfermeros. Revisión crítica y guía práctica**, 8ª Edición Elsevier,

Johnson, Marion et.al. editores, **Vinculos de NOC y NIC a NANDA I y diagnósticos médicos. Interrelaciones NANDA, noc y NIC**, 3ª Edición Elsevier,

Kozier, Barbara et. al. editores, **Técnicas de Enfermería I y II**, 4ª Edición MC Graw-Hill-Interamericana,

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Traballo de Fin de Grao/P51G140V01407

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana: Anatomía humana/P51G140V01101

Bioquímica: Bioquímica/P51G140V01103

Enfermaría comunitaria I/P51G140V01104

Estatística: Estadística/P51G140V01106

Fisioloxía: Fisioloxía/P51G140V01105

Fundamentos de enfermaría/P51G140V01107

Idioma moderno: Inglés técnico/P51G140V01108

Psicoloxía: Psicoloxía/P51G140V01102

Enfermaría clínica I/P51G140V01204

Enfermaría clínica II/P51G140V01205

Enfermaría comunitaria II/P51G140V01206

Ética e lexislación/P51G140V01202

Farmacoloxía e dietética/P51G140V01203

Xestión de enfermaría/P51G140V01207

Introdución á enfermaría clínica/P51G140V01201

Prácticas clínicas I/P51G140V01208

Enfermaría clínica III/P51G140V01301

Enfermaría en saúde mental/P51G140V01305

Enfermaría xeriátrica e coidados paliativos/P51G140V01304

Enfermaría materno-infantil/P51G140V01302

Prácticas clínicas II/P51G140V01303

Prácticas clínicas III/P51G140V01306

Prácticas clínicas IV/P51G140V01405
